

O SALVOCONDUTO

Á miña avoa, que máis dunha noite atravesou a lúa fría da raía.

María ten unha mágoa fonda fincada no peito porque hoxe van alá dous meses dende que lle mataron o pai. Antes de saír á noite, dille á nai que arrole o berce da meniña para que non esperte. Se o fai, volverá prender no sono cunhas poucas *murumacas*.

María gusta da noite e non lle pon medo nada, nin o alucar dos lobos, nin o silencio negro dos cadabullos, nin tan sequera os misterios da lúa. O único que pode con ela é o rancor e esa fame adocida que lle fai ladrar o estómago. Luís teima para que ela e a meniña vaian para Portugal, mais María non pode abandonar a súa nai encamada. Por riba, coas cousas viradas, ela está a cada volta máis certa das comenencias do seu matrimonio apañado. Ten para si que a querenza de Luís é coma a que se lle ten a unha casa ou a unha herdanza... El fuxiu a tempo, mais o pai de María foi un dos primeiros paseados por esa manda de falanxistas que

viñeron de fóra; ningún dos de aquí foi quen de facerlle fronte a don Manuel; só ese cabrón do Serafín da Rosa tivo a ousadía de sumarse a ese fato de crimináis. Cada vez que María pensa nel sente por dentro un arrepío de rabia e noxo e non entende como ese palerma puido participar na morte de quen lle aprendeu as poucas letras que lle cabían na cabeza. Non, María non dá creto, mais agora toca cuspir para dentro e de nada vale laiarse. Fica, iso si, o orgullo do pai. Iso ninguén llo vai matar. E non lle queda outra que a noite. Coñécea ben. E é quen de atravesala coas mesmas artes dun animal salvaxe. Pode facer cos ollos pechos o camiño, apalpar o vento, cruzar a veiga, a ponte do Salas, rexistrar coa man as casas de Rubiás, as congostras abeiradas á serra da Pena, os ladros en Randín, cheirar o alento cobizoso dos gardas e bater nun alustre na tenda dos Mariquinhos de Tourem para carretar con todo o preciso: postas de bacallau, quartillas de aceite, xabón, azucre e, sobre todo, teas, moitas teas coas que enrodela o corpo no escusado do Pardieiro até parecer unha muller moito máis cumprida. O tecido é o que máis proveito lle deixa porque a nova mestra, dona Beatriz, é moi fachendosa e

gusta de encargarlle vestidos á Pilar, a única costureira que hai en Tosende. Por veces, María tamén apaña algún brinquedo miúdo para a meniña, coma o axóuxere de pau co que a coitada tanto enreda, mentres ela atende a casa e a facenda.

María fai parada en Rubiás, na casa da Rasa. Ai toma unha cunea quente de leite con mel e recibe a encarga dunhas postas de bacallau e dous quilos de azucre. En Randín só para á volta, cando todo o perigo xa fica atrás.

Cruza a fronteira por un carroucho que só ela coñece e axiña chega á tenda dos Mariquinhos e peta na porta. Dentro hai varios homes arrimados a unha conversa e mais a un viño con alma co que molían as palabras. Entre eles está o Elías de Paradela, un medio parente por parte de nai, que lle ofrece o macho para a liberar da carga durante o treito que lle cadra de paso. María fai confianza nel e agarda a que remate o viño para volveren á noite. Cargan as albardas da besta e camiñan os dous na madrugada. A noite está morniña e a lúa, alta, prende nas árbores sombras brancas que semellan estantigas. E iso é o malo, porque esa luz

liviá ispe os corpos na noite e fai que a ollada dos gardas portugueses caía sobre eles coma unha maldición. Alto! Alto! As palabras atronan na serra como un trebón. Non hai nada que facer. Os lobos andan á súa volta. María pega de si e non pensa no aceite nin no bacallau; o seu cavilar agora só é para a boneca de farrapos que vai metida nunha caixiña de madeira, a xeito de cadaleito. Os gardas préndenos e lévanos ao cuartel de Tourem. Alí baléiranlles as sacas e dan en facerlles preguntas reviradas. María pensa que, se cadra, aínda poderá salvar as teas que leva envurulladas ao corpo, mais un dos gardas, un tal Branco, alto, ben parecido, achégaselle case até o alentó e pregúntalle se ten máis que declarar. María sente que os ollos azuis do garda entran dentro déla coma unha navalla aguzada e desembucha coma unha carricanta. Con todo, o garda non fai nada; só a rodea coma se estivese a taxar un obxecto valioso e, finalmente, arrebólalle a pregunta de onde é. Cando María lle di que dos Moteira de Tosende, o tal Branco recúa, como para a ver de máis lonxe, e pregúntalle se é unha das fillas do mestre, de don Manuel. O Elías de Paradela contesta por ela e o garda ponse no ceo e dá en

xuramentar polo alto, mentres escribe nunha cuartilla con timbre oficial. María fai de conta que esa voz alporizada non vai contra eles senón contra os que lle levaron a vida ao pai. E non se trabuca nadiña, porque o garda mete o papel nun sobre e llo pon na man. Ten os ollos inxectados en sangue e non deixa de repetir que o de don Manuel non ten nome, que era o mellor home da contorna, que el mesmo fora convidado polo San Lourenzo á súa casa, que non hai dereito... María escoita as palabras adoecidas con todo o corpo e mesmo se sente un chisco violenta ao ver que o propio Branco lle enche de novo a saca e lla pon na albarda do macho.

Cando deixan atrás Tourem, María ten a sensación de que está a medrar por dentro e aperta contra o peito a boneca de farrapos. E, mentres a serra do Pisco dorme a noite co seu ouveo melodioso, María aproveita o facho morno da lúa para ler en alta voz as cursivas do salvoconduto que esvaece para sempre as extremas do medo.